

de tempo de servizos e idade establecidos nas disposicións actualmente en vigor, deberían finaliza-la súa relación de servizos profesionais antes do 31 de decembro de 2003, se o solicitan e tras cumprilo preceptuado no punto 4 do artigo 91 e no punto 6 do artigo 95, respectivamente, da Lei 17/1999, do 18 de maio, poderán asinar un único compromiso ata o 31 de decembro de 2003, á finalización do cal cesarán na súa relación de servizos profesionais.

Para os efectos deste real decreto lei, queda en suspenso ata o 31 de xaneiro de 2003 a finalización daqueles compromisos que a teñen fixada para o día 31 de decembro de 2002 e para calquera data do mes de xaneiro de 2003.

Nas convocatorias do ano 2003 de promoción interna dos militares de complemento e dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, quedarán exentos dos límites de idade, emprego e número de convocatorias establecidos na Lei 17/1999, do 18 de maio, e na convocatoria do ano 2003 de acceso a unha relación de servizos de carácter permanente dos militares profesionais de tropa e mariñeiría, non lles será de aplicación a limitación no número de convocatorias e na titulación que se establecen no artigo 96 da citada Lei 17/1999, do 18 de maio.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA

25419 *REAL DECRETO 1432/2002, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia e se modifican algúns artigos do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento. («BOE» 313, do 31-12-2002.)*

A promulgación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, supuxo a posta en marcha dun modelo de negocio das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica baseada no mercado e a libre competencia. Para facilita-la adaptación de tódolos axentes implicados a este novo ámbito, estableceuse un período transitorio no cal o mercado eléctrico se ía abrindo progresivamente.

Nos anos sucesivos, gracias á flexibilidade da citada lei e da normativa que a desenvolve, foi posible accelera-lo proceso de apertura, que se ve culminado o 1 de xaneiro de 2003, facultando a tódolos consumidores eléctricos para elixir libremente subministrador.

A regulación vixente, a partir desta data, debe adaptarse a este ámbito de plena elixibilidade, respectando

o carácter de servizo esencial que supón a subministración eléctrica. Por iso, aqueles consumidores que opten por non exercer-lo seu dereito a elixir subministrador, ven respectado e protexido o seu dereito de ver atendida a súa demanda de enerxía nunhas condicións adecuadas de calidade e seguridade de abastecemento, a unha tarifa máxima regulada obxectivamente.

Por outra banda, a planificación dos sectores eléctricos e do gas, pola que se desenvolve en redes de transporte, establece a senda investidora en infraestruturas nos devanditos sectores —vinculante para uns axentes, indicativa para outros— no período 2002-2011. A iso únese a aposta polo incremento doutras enerxías que teñen uns incentivos á produción que debe recolle-la tarifa, como acontece no Plan de Fomento das Enerxías Renovables, que prevé que as devanditas enerxías poidan cubrir no seu conxunto o 12 por 100 de consumo de enerxía primaria no ano 2010.

Os protagonistas deste esforzo investidor necesitan sinais de estabilidade durante este período, que faciliten as decisións empresariais e estimulen os mercados de capitais a entrar neste tipo de proxectos.

Todos estes feitos teñen un impacto directo na tarifa media ou de referencia e, ante esta nova situación, faise necesario establecer un procedemento coñecido para fixa-la súa determinación cada ano, así como defini-las circunstancias en que se han de tomar en consideración outras modificacións dela.

O artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, establece que: «anualmente, ou cando circunstancias especiais o aconsellen, logo dos trámites e informes oportunos, o Goberno, mediante real decreto, procederá á aprobación ou modificación da tarifa media ou de referencia.»

Así mesmo, o artigo 77 bis da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece que: «... o Goberno establecerá, mediante real decreto, unha metodoloxía para a determinación da tarifa eléctrica media ou de referencia, podendo establecer un límite máximo anual ó incremento da devandita tarifa», establecendo que durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2010, a determinación da tarifa media ou de referencia deberá ter en conta unha serie de previsións.

En cumprimento do precepto citado, este real decreto establece unha metodoloxía de cálculo para fixa-la tarifa eléctrica media ou de referencia de cada ano, obxectiva e transparente, e que cumpre os obxectivos de permitila plena elixibilidade a tódolos consumidores sen interferir no mercado e garantindo que o servizo se presta en condicións axeitadas, de dar unha previsibilidade ás empresas de tal forma que se permita levar a cabo o proceso investidor en curso cunha estabilidade razoable e de contribuír no proceso de formación da tarifa ó obxectivo de estabilidade macroeconómica compatible cunha evolución de tarifas gradual, todos eles obxectivos xerais da política económica do Goberno.

Así, dáse cumprimento a estes principios establecendo unha metodoloxía que ten en conta tanto o proceso de determinación da evolución de tarifas de subministración como o de tarifas de acceso, incluíndo os custos correspondentes de cada unha delas, pero fixando uns límites, de tal forma que se a devandita evolución resultase positiva, a suba nunca superará o 2 por 100.

Ademais, inclúese, como un novo custo da tarifa, o desaxuste de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas que se produciu en anos anteriores a aquel en que se dicta a norma, recuperables de forma lineal ata o ano 2010, polo que a metodoloxía que se establece terá especial virtualidade ata a devandita data, que coïn-

cide co prazo máximo para a recuperación dos custos regulados na disposición transitoria sexta da Lei do sector eléctrico; é dicir, os custos de transición da competencia.

Un elemento substancial é a fixación duns criterios de revisión das partidas correspondentes a ingresos e custos que se vexan afectadas nas previsións da tarifa dos dous anos anteriores derivadas de variacións, dentro dunhas marxes, daquelas variables que non dependen dos operadores do sector: a demanda, o tipo de xuro, o custo do réxime especial e o prezo do gas natural.

Esta metodoloxía introduce novos conceptos e definición de variables para o cálculo da tarifa de referencia de cada ano, que imposibilita a súa plena aplicación para o ano 2003.

Pola súa banda, no presente real decreto modifícanse algúns preceptos do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, debido, por unha parte, a que o tempo transcorrido desde a promulgación da norma fai necesario a súa modificación e, doutra, porque é preciso adaptar parte da regulación contida no real decreto citado a esta nova normativa.

Visto o informe 16/2002, da Comisión Nacional de Enerxía, en cumprimento do establecido no punto terceiro da disposición adicional undécima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, sobre o real decreto polo que se establece a metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia e se modifican algúns artigos do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto, en cumprimento do establecido no artigo 77 bis da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ten por obxecto o establecemento dunha metodoloxía de cálculo obxectiva e transparente para fixa-la tarifa eléctrica media ou de referencia de cada ano, cumprindo os obxectivos de permiti-la plena elixibilidade a tódolos consumidores sen interferir no mercado, garantindo que o servizo se presta en condicións axeitadas, dando unha previsibilidade ás empresas de cara a permiti-la realización do proceso investidor en curso cunha estabilidade razoable e contribuíndo á estabilidade macroeconómica compatible cunha evolución de tarifas gradual.

Artigo 2. *Tarifa eléctrica media ou de referencia.*

A tarifa eléctrica media ou de referencia establecerase como relación entre os custos previstos necesarios para retribuí-las actividades destinadas a realiza-la subministración de enerxía eléctrica e a previsión, para o mesmo período considerado, da demanda en consumidor final determinada polo Ministerio de Economía.

Artigo 3. *Determinación da demanda prevista.*

A demanda que se terá en conta para o cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia incluirá a demanda de enerxía eléctrica destinada ós consumidores finais do territorio nacional, agás a correspondente ós autoconsumos dos autoprodutores e das unidades produtor-consumidor acollidas ó réxime especial reguladas no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración, ou disposición que a substitúa.

A demanda calcularase aplicando a variación real da demanda de cada sistema peninsular, insular e extrapeninsular no ano móbil correspondente ó último mes pechado, previo á determinación da tarifa media, sobre o consumo real neste mesmo ano móbil, tendo en conta as perdas en transporte e distribución, que se calcularán mediante un procedemento que se establecerá por orde ministerial.

Para tódolos efectos de aplicación do presente real decreto, defínese como ano móbil o período de doce meses que finaliza no citado mes de peche.

Artigo 4. *Determinación dos custos previstos para retribuí-las actividades.*

1. Os custos previstos para retribuí-las actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica que hai que considerar no cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia, tal e como se definen nos puntos seguintes, incluirán:

- a) Custos de produción.
- b) Custos de transporte.
- c) Custos de distribución.
- d) Custos de comercialización.
- e) Custos permanentes do sistema.
- f) Custos de diversificación e seguridade de abastecemento.
- g) Desconto de custos dobremente contabilizados.
- h) Custo correspondente ó desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003.
- i) Custo correspondente ás revisións derivadas dos custos de xeración extrapeninsular.

2. Custos de produción:

A partir da previsión da demanda segundo se indica no artigo 2 deste real decreto, o operador do sistema realizará a mellor estimación do balance de enerxía.

Os custos de produción que se considerarán no cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia integrarán:

- a) Os custos de xeración peninsular en réxime ordinario, que incluirán a previsión de enerxía xerada polas unidades de produción correspondentes valoradas ós prezos previstos no artigo 6 do presente real decreto, incluída a garantía de potencia e outros servizos complementarios. A enerxía xerada polas unidades de xeración peninsular en réxime ordinario incluirá tanto a enerxía negociada no mercado de produción como a xerada por estas unidades de produción destinada a contratos bilaterais físicos.
- b) Os custos da xeración peninsular en réxime especial, de acordo coa previsión de enerxía realizada pola Comisión Nacional de Enerxía tendo en conta a información recibida das empresas distribuidoras, para o exercicio correspondente, distinguindo entre:

1.º Custo da xeración en réxime especial acollida ó réxime económico establecido no Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións hidráulicas, de coxe-

ración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, e ó Real decreto 841/2002, do 2 de agosto, polo que se regula para as instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial a súa incentivación na participación no mercado de produción, determinadas obrigas de información das súas previsións de produción, e a adquisición polos comercializadores da súa enerxía eléctrica producida.

Este custo será o resultado de valorar á tarifa media prevista de venda de enerxía deste réxime a previsión de enerxía que hai que incorporar nas redes dos distribuidores polas instalacións acollidas a este.

O prezo medio previsto será o prezo medio do ano móbil correspondente ó último mes pechado, previo á determinación da tarifa media, corrixido pola variación das tarifas para o novo exercicio.

2.º Custo de xeración en réxime especial acollida ó réxime económico establecido no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro.

Este custo será o resultado de valorar a previsión de enerxía para incorporar nas redes dos distribuidores polas instalacións acollidas a este réxime, valorada ó prezo medio previsto deste ou, se é o caso, ó prezo medio previsto do mercado de produción de enerxía eléctrica, incluídos a garantía de potencia e outros servizos complementarios, máis a prima que corresponda segundo o tipo de instalación.

3.º Custos de xeración en réxime especial das instalacións que ofertan a súa enerxía voluntariamente ó mercado de produción de enerxía eléctrica de acordo co disposto no artigo 17, puntos dous e cinco, do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

Este custo será o resultado de valorar a previsión de enerxía vendida no mercado por estas unidades de xeración ó prezo previsto do mercado de produción de enerxía eléctrica definido no parágrafo b) do artigo 6 do presente real decreto, máis o da prima que corresponda segundo o tipo de instalación, máis a garantía de potencia establecida para este tipo de instalacións, máis, se é o caso, o incentivo transitorio que se regule.

c) O custo das incorporacións de enerxía eléctrica procedente doutros países. Este custo desagregarase distinguindo:

1.º O custo da enerxía incorporada por «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima», resultante dos contratos asinados pola devandita sociedade con anterioridade á entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

Este custo será o resultado de valorar a previsión de enerxía que hai que incorporar ó prezo do contrato.

2.º O custo da enerxía incorporada por outros suxeitos, nacionais ou non nacionais, que se incorpora ó mercado de produción. Este custo será o resultado de valorar a previsión de enerxía que hai que incorporar ó prezo previsto do mercado de produción, incluídos os servizos complementarios e excluída a garantía de potencia.

3.º O custo da enerxía incorporada por outros suxeitos, nacionais ou non nacionais destinada a contratos bilaterais físicos. Este custo será o resultado de valorar a previsión de enerxía a incorporar ó prezo previsto do mercado de produción, excluídos outros servizos complementarios e a garantía de potencia.

d) O custo da produción extrapeninsular e insular. Este custo desagregarase en dous conceptos:

1.º Custo das instalacións do réxime ordinario, que regulamentariamente se determine como desenvolvemento do artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

2.º Custo das instalacións de produción en réxime especial, distinguindo entre custo de instalacións de produción acollidas ó réxime especial establecido no Real decreto 2366/1994, do 23 de decembro, e as acollidas ó Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro.

O seu cálculo realizarase como no caso peninsular, de acordo co establecido no parágrafo b) do punto 2 do artigo 4.

e) Custo das exportacións, que virá cuantificado con signo negativo e calcularase, valorando a previsión de enerxía producida en territorio nacional e destinada ó consumo noutros países, ó prezo previsto do mercado de produción de enerxía eléctrica, excluídos a garantía de potencia e os servizos complementarios.

3. Custos de transporte:

Os custos de transporte determinarase de acordo co disposto no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Estes custos serán detallados por empresas transportistas, e incluírán tódalas empresas do territorio nacional.

Para a consideración dos custos correspondentes a novas instalacións con entrada en servizo no período tarifario será necesario un informe previo da Comisión Nacional de Enerxía.

Nos reais decretos que establezan a tarifa eléctrica para cada ano deberá figura-lo custo máximo recoñecido para o ano de que se trate, destinado á retribución da actividade de transporte de cada unha das empresas transportistas.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, logo do informe da Comisión Nacional de Enerxía, unha vez coñecidas as instalacións de transporte auditadas de cada empresa transportista para cada ano, modificará por resolución os custos de transporte das empresas transportistas.

4. Custos de distribución:

Os custos de distribución, tanto peninsular como o correspondente á distribución realizada nos territorios extrapeninsulares e insulares, desagregaranse e calcularanse de acordo co seguinte:

a) Custos de distribución dos suxeitos sometidos ó proceso de liquidacións da Comisión Nacional de Enerxía establecido no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.—Determinarase de acordo co establecido no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

b) Custos de distribución extrapeninsular e insular.—Determinarase de acordo co establecido no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

c) Custo de distribución dos suxeitos acollidos ó réxime de retribución transitorio establecido na disposición transitoria undécima da Lei 54/1997, do 27 de novembro.—Ata o ano 2007, estes custos serán o resultado de calcular a marxe resultante da previsión das vendas de enerxía eléctrica ós consumidores a tarifa destes distribuidores, menos a previsión da facturación neta das adquisicións de enerxía eléctrica a tarifa, máis a previsión da facturación por tarifas de acceso destes distribuidores ós seus clientes cualificados.

5. Custos de comercialización:

Os custos de comercialización estarán integrados polos custos de comercialización dos distribuidores suxeitos ó

proceso de liquidacións da Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co disposto no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, e os custos de comercialización dos distribuidores extrapeninsulares e insulares.

Estes custos determinaranse da forma establecida no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento, unificando os custos de xestión comercial, independentemente de corresponder a custos por atención a consumidores que adquiren a súa enerxía a tarifas ou a consumidores que adquiren a súa enerxía mediante contrato. Polo tanto, considérase para os efectos retributivos a totalidade de subministracións como se fosen a tarifa.

6. Custos permanentes do sistema:

Os custos permanentes incluírán o custo previsto da Comisión Nacional de Enerxía, o operador do mercado, o operador do sistema, as compensacións do sobrecusto extrapeninsular e insular e os custos de transición á competencia (CTC).

A contía a incorporar no cálculo dos custos en concepto de compensacións do sobrecusto extrapeninsular e insular determinarase de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e o seu desenvolvemento regulamentario.

7. Custos de diversificación e seguridade de abastecemento:

Os custos de diversificación e seguridade de abastecemento incluírán os correspondentes á moratoria nuclear e á segunda parte do ciclo do combustible nuclear, as compensacións dos distribuidores que non estivesen suxeitos ó Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, polo que se determina a tarifa eléctrica das empresas xestoras do servizo, por aquelas subministracións a tarifa establecidas polo Ministerio de Economía, mentres permanezan suxeitos ó réxime establecido na disposición transitoria undécima da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as primas do réxime especial.

O sobrecusto do réxime especial será o resultado de multiplica-la produción total prevista en réxime especial pola diferenza entre o prezo medio previsto da xeración en réxime ordinario peninsular e o prezo medio previsto do total da produción en réxime especial.

8. Desconto de custos dobremente contabilizados:

Incluíranse como custos dobremente contabilizados e polo tanto con signo negativo:

a) O montante total das compensacións do sobrecusto extrapeninsular e insular total previsto, polo mesmo importe incluído no punto 6 do artigo 4 do presente real decreto.

b) O montante total das compensacións das primas en réxime especial total, xa que se incluíu como custo de diversificación e seguridade de abastecemento e como custo de xeración.

9. Custo correspondente ó desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003:

1.º Ata o ano 2010 inclusive incluírase como custo na tarifa a contía correspondente á anualidade que resulte para recuperar linealmente o valor actual neto do desaxuste de ingresos ó que fai referencia a Orde do 21 de novembro de 2000, pola que se establece para os anos 2000 e seguintes a precedencia na repercusión do déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas.

2.º A asignación do desaxuste establecido no punto anterior distribuírase entre as empresas que contribuíran ó desaxuste de ingresos nas liquidacións das actividades

reguladas, de acordo coas porcentaxes que figuran no anexo do presente real decreto.

3.º Para os efectos do seu cobramento, esta contía asimilárase a un ingreso das actividades reguladas.

10. Custo correspondente ás revisións derivadas dos custos de xeración extrapeninsular:

Ata o ano 2010 inclusive incluírase como custo na tarifa a contía correspondente á anualidade que resulte para recuperar linealmente as cantidades que se deriven das revisións que se establecen na disposición adicional segunda do Real decreto 3490/2000, do 29 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para 2001, e do Real decreto 1483/2001, do 27 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para 2002. Para os efectos do seu cobramento, esta contía asimilárase a un ingreso das actividades reguladas.

Artigo 5. *Revisión dos CTC por tecnoloxías no cálculo anual da tarifa eléctrica media ou de referencia.*

A contía no cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia do custo destinado ó pagamento de CTC por tecnoloxías determinarase segundo o establecido no artigo 4, punto 6, deste real decreto, que supón unha revisión anual en función do importe base global máximo de CTC o 31 de decembro de cada ano, tal e como se define no Real decreto 2017/1997 e o establecido no artigo 8, punto 2, do presente real decreto e que depende dos parámetros seguintes:

1. Variación da media anual do EURIBOR a tres meses real sobre o previsto para o ano anterior a aquel en que se calcula a tarifa.

2. Variación anual da demanda real sobre a prevista para o ano anterior a aquel en que se calcula a tarifa.

3. Variación anual do prezo medio horario final resultante en mercado de produción de enerxía eléctrica real sobre o previsto para o ano anterior a aquel en que se calcula a tarifa.

Artigo 6. *Prezo medio previsto do mercado de produción correspondente ás instalacións de xeración en réxime ordinario.*

a) O prezo medio do mercado de produción que se considerará na determinación da tarifa durante o período transitorio para a enerxía producida polas instalacións de produción en réxime ordinario que estaban autorizados o 31 de decembro de 1997 pertencentes ás sociedades con dereito ó cobramento de CTC será, mentres existan CTC pendentes de recuperar, de 3,6061 céntimos de euro por kWh.

b) O prezo medio do mercado de produción que se considerará na determinación da tarifa durante o período transitorio para a enerxía producida polo resto de instalacións de produción en réxime ordinario estimárase tendo en conta as mellores previsións do prezo do gas, atendendo á información dispoñible para a determinación do custo da materia prima das tarifas do gas, no exercicio de que se trate.

Artigo 7. *Revisión das previsións de anos anteriores.*

No cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia de cada ano incluíranse as revisións das previsións realizadas no cálculo da tarifa dos dous anos anteriores nos casos seguintes:

1. Se a demanda en consumidor final resulta superior ou inferior nun 1 por 100 á prevista. Neste caso revisarase as partidas de custos e ingresos que foron afectados pola variación.

2. Se o tipo de xuro resulta superior ou inferior en 50 puntos básicos respecto ó previsto. Neste caso revisaranse os custos considerados de transporte e, se é o caso, de distribución e xestión comercial na previsión das tarifas.

3. Se o sobrecusto das primas do réxime especial resulta superior ou inferior nun 5 por 100 respecto ó previsto. Neste caso revisaranse as partidas de custos e ingresos que foron afectados pola variación.

4. Se o prezo do gas resulta superior ou inferior nun 5 por 100 respecto ó previsto. Neste caso revisarase o custo de xeración das instalacións ás que fai mención o parágrafo b) do artigo 6.

Artigo 8. Revisión da tarifa eléctrica media ou de referencia.

1. A tarifa eléctrica media ou de referencia revisarase anualmente con efectos desde o 1 de xaneiro, con excepción das circunstancias especiais, de acordo co disposto no artigo 17, punto 2, da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

2. A variación da tarifa eléctrica media ou de referencia que se aprobe cada ano, sen considera-las revisións previstas no artigo 6 deste real decreto, non poderá ser superior ó 1,40 por 100.

Non obstante, se aplicando unha hipótese de recuperación lineal de CTC se aprecia que o saldo pendente de cobramento de CTC o 31 de decembro de 2010 non é igual a cero, o Goberno no cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia considerará un incremento igual al 1,40 por 100.

3. Establecida a variación da tarifa eléctrica media de acordo co punto anterior, aplicaranse os criterios de revisión previstos no artigo 7 do presente real decreto, da aplicación da cal poderá derivarse unha variación adicional á alza de ata o 0,60 por 100, ou a que corresponda á baixa.

4. O Goberno poderá ter en consideración no cálculo da tarifa eléctrica media ou de referencia as variacións das contías de custos que se deriven de modificacións na normativa específica pola que se regula a retribución das actividades eléctricas.

5. A variación da tarifa eléctrica media ou de referencia distribuirase entre as diferentes tarifas, así como entre as distintas tarifas de acceso, de acordo co establecido no artigo 11 e disposición adicional única do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen as tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, de tal forma que os ingresos previstos procedentes destas últimas cubran os custos que figuran no artigo 2 do citado real decreto. A revisión de cada unha das tarifas non poderá ser superior á variación da tarifa media ou de referencia máis un 0,6 por 100.

Disposición adicional primeira. Carácter dos custos correspondentes ó desaxuste de ingresos e ás revisións derivadas dos custos de xeración extrapeninsular, que establecen os puntos 9 e 10 do artigo 4 do presente real decreto.

Os custos correspondentes ó desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003 e revisións derivadas dos custos de xeración extrapeninsular terán o carácter de dereitos de natureza análoga ós que se refire o artigo 2.1, parágrafo b), punto 2.º do Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización, para efectos da aplicación, se é o caso, por orde do Ministro de Economía, do procedemento previsto neste.

Disposición adicional segunda. Modificación do artigo 2 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

1. Modifícase o parágrafo b) do artigo 2, «Ámbito de aplicación», que queda redactado do seguinte xeito:

«b) A retribución da actividade de distribución, incluídos os custos de xestión comercial recoñecidos ós distribuidores por atender a subministracións de consumidores cualificados conectados ás súas redes que adquiren a súa enerxía exercendo a súa condición de cualificados.»

2. Inclúese un novo parágrafo f) no artigo 2, «Ámbito de aplicación», coa seguinte redacción:

«f) O resultado dos outros ingresos ou pagamentos resultantes dos transportes intracomunitarios ou das conexións internacionais, incluídos os derivados do mecanismo de xestión de restriccións que estean establecidas na normativa vixente.»

Disposición adicional terceira. Modificación do artigo 4 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

1. Modifícase o parágrafo d) do artigo 4, «Ingresos e custos liquidables», que queda redactado do seguinte xeito:

«d) A retribución da actividade de distribución polos conceptos establecidos na Lei 54/1997, de acordo coa norma que desenvolva o artigo 16.3 da citada lei. A devandita retribución incluirá a retribución da actividade de comercialización que corresponda ser aboada polos consumidores a tarifa e terá en conta os incentivos á diminución de perdas. Tamén incluirá os custos de xestión comercial recoñecidos ós distribuidores por atender a subministracións de consumidores cualificados conectados ás súas redes que adquiren a súa enerxía exercendo a súa condición de cualificados.»

2. Inclúese un novo parágrafo j) no artigo 4, «Ingresos e custos liquidables», coa seguinte redacción:

«j) Outros ingresos ou pagamentos resultantes dos transportes intracomunitarios ou das conexións internacionais, incluídos os derivados do mecanismo de xestión de restriccións que estean establecidas na normativa vixente.»

Disposición adicional cuarta. Modificación do artigo 14 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

Modifícase o punto 2.d) do artigo 14, «O importe base global máximo o 31 de decembro de cada ano», que queda redactado do seguinte xeito:

«d) A orde de asignación dos diferentes conceptos que compoñen o importe base global o 31

de decembro de cada ano será primeiro o stock do carbón na data de entrada en funcionamento do modelo, despois a prima implícita para as centrais que efectivamente consumisen carbón nacional, os plans de financiamento extraordinarios que se definen no artigo 18 deste real decreto e por último as asignacións xeral e específica na súa proporción.»

Disposición adicional quinta. *Modificación do anexo I do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.*

1. Modifícase o primeiro parágrafo do punto I.2 do anexo I, que queda redactado do seguinte xeito:

«O ingreso liquidable de cada transportista ou distribuidor i suxeito ó procedemento de liquidacións obterase de acordo coas fórmulas seguintes:

$$I_i = \text{Inf}_i + \text{Io}_i + \text{Inr}_i + \text{II}$$

Sendo:»

2. Engádese un novo parágrafo ó final do punto I.2 do anexo I, coa seguinte redacción:

«II_i = Ingresos ou pagamentos; nese caso terán signo negativo, resultantes dos transportes intracomunitarios ou das conexións internacionais, incluídos os derivados do mecanismo de xestión de restriccións que estean establecidas na normativa vixente.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

Para os efectos da revisión da tarifa eléctrica media ou de referencia, á que se refire o artigo 2 deste real decreto, para o ano 2003 será de aplicación o previsto no artigo 5, «Revisión dos CTC por tecnoloxías no cálculo anual da tarifa eléctrica media ou de referencia», e no artigo 7, «Revisión das previsións de anos anteriores», do presente real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Normas de desenvolvemento.*

O ministro de Economía queda facultado para dictar as normas que sexan precisas para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

ANEXO

	Porcentaxe
Iberdrola, S. A.	34,00
Unión Fenosa Generación, S. A.	11,70
Hidrocantábrico Generación, S. A.	4,28
Viesgo Generación, S. L.	4,59
Endesa, S. A.	43,22
Elcogás, S. A.	2,21
Total	100,00

25420 *REAL DECRETO 1433/2002, do 27 de decembro, polo que se establecen os requisitos de medida en baixa tensión de consumidores e centrais de produción en réxime especial.* («BOE» 313, do 31-12-2002.)

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios, supuxo a culminación do proceso legislativo de liberalización do consumo de enerxía eléctrica en España, ó establecer no seu artigo 19.un que «A partir do 1 de xaneiro de 2003, tódolos consumidores de enerxía eléctrica terán a consideración de consumidores cualificados» recoñecéndose deste modo o dereito de todo consumidor eléctrico a elixir subministrador e creándose consecuentemente a necesidade dunha regulación específica dos requisitos de medida que faciliten o exercicio deste dereito.

O Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica regulou entre outros os dereitos de calidade da atención ó consumidor e determinadas obrigas relativas ós equipos de medida por parte dos distribuidores.

Pola súa parte, o Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, estableceu unhas tarifas de acceso adaptadas á nova situación prevista de elixibilidade total que se fai imprescindible ter en conta.

O Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, modificado polo Real decreto 385/2002, do 26 de abril, estableceu unha regulación xeral aberta, que comprendía os consumidores cualificados conectados en baixa tensión que estaba previsto liberalizar, incluíndose tamén como puntos de medida tipo 3 os de produtores en réxime especial en baixa tensión. Iso esixía determinar unhas condicións e requisitos específicos acordados coas dimensións máis reducidas, en canto a potencia e enerxía, destes consumidores e pequenos xeradores.

A lexislación específica dos xeradores en réxime especial, basicamente encarnada no Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica, por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración, e no Real decreto 1663/2000, do 29 de setembro, sobre conexión de instalacións fotovoltaicas á rede de baixa tensión, establece requisitos de medida que